



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


Febreiro 2018

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2018

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de comercio polo miúdo (ICM). Febreiro 2018

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes aumenta en Galicia un 3,7% en febreiro de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 1,5 puntos máis que en España (2,2%).
- Por produtos, a Alimentación rexistra un incremento nas vendas do 2,6% e o Resto de produtos do 4,4%.
- En todas comunidades autónomas aumentan as vendas minoristas agás en Cataluña e Castilla y León.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes aumenta un 4,1% no mes de febreiro de 2018 con respecto ao mesmo período do ano anterior, 1,3 puntos máis que no conxunto de España (2,8%).
- O índice xeral de ocupación aumenta o 0,7% en Galicia e o 1,0% no conxunto do Estado.
- A ocupación crece en catorce comunidades autónomas.



1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 3,7% no mes de febreiro. A nivel nacional o índice aumenta o 2,2%.


O índice xeral sen estacións de servizo crece o 3,7% respecto a febreiro de 2017. Desagregando por produtos:

- A Alimentación aumenta as súas vendas un 2,6% e achega 1,1 puntos a taxa de variación do índice sen estacións de servizo. En España, as vendas en Alimentación aumentan un 1,6%.
- O Resto de produtos presenta unha taxa do 4,4% e achega 2,6 puntos á taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo. A nivel nacional as vendas aumentan o 2,3%.

Nos dous primeiros meses do ano, o índice xeral aumenta en Galicia un 2,3%, o mesmo que en España.

Se se eliminan os efectos estacionais e de calendario, o índice xeral presenta unha taxa de variación interanual do 3,7%.

O seguinte gráfico amosa a evolución da taxa de variación interanual do índice xeral do comercio minorista na serie orixinal e na serie corrixida de estacionalidade e calendario.




2. Índices por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan as súas vendas en febreiro agás Cataluña (-0,8%) e Castilla y León (-0,1%).

Os maiores incrementos rexístranse en Aragón (5,8%), La Rioja (4,3%) e Galicia (3,7%).

Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Febreiro 2018

Taxas de variación en %



3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes rexistra, no mes de febreiro de 2018, un crecemento do 4,1% en Galicia, 1,3 puntos máis que en España (2,8%).

O índice xeral sen estacións de servizo aumenta en Galicia un 4,0% e en España un 2,6%. Desagregando por produtos, en Galicia a Alimentación aumenta as vendas o 3,4%, 0,8 puntos máis que en España (2,6%). O Resto de produtos crece 1,7 puntos máis en Galicia (4,3%) que no conxunto de España (2,6%).

Índices de comercio polo miúdo. Febreiro 2018

Taxa de variación do índice xeral sen estacións de servizo e achegas dos seus compoñentes	Índice	Variacións (%)	
		Interanual	No que vai de ano
Xeral	92,0	4,1	2,4
Xeral sen estacións de servizo	91,5	4,0	2,3
Alimentación	90,4	3,4	2,7
Resto	92,0	4,3	2,1

Categoría	Interanual (%)	No que vai de ano (%)
Xeral	4,0	2,3
Xeral sen estacións de servizo	1,4	0,9

Nos dous primeiros meses do ano, o índice xeral crece un 2,4% en Galicia, dúas décimas menos que no conxunto de España (2,6%).

4. Índice de ocupación

O índice xeral de ocupación amosa un incremento interanual do 0,7% no mes de febreiro en Galicia, inferior ao de España (1,0%).


5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en febreiro en catorce comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Asturias (4,1%) e Canarias (2,8%).

Soamente en Castilla – La Mancha diminúe a ocupación, -0,4%. En dúas comunidades autónomas o persoal ocupado mantense estable, Andalucía e Navarra.

Índice xeral de ocupación. Febreiro 2018

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2015 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflatores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen servizos nin alugueres; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin carburantes e lubricantes.

- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco.

- Índice Resto: IPC xeral sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóbiles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o IPC¹.

¹ Os índices de comercio polo miúdo están en base 2015, e o IPC en base 2016, polo que se calcula un índice de prezos en base 2015

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Febreiro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	92,0	4,1	2,4	91,7	3,7	2,3
Xeral sen estacións de servizo	91,5	4,0	2,3	91,4	3,7	2,4
Alimentación	90,4	3,4	2,7	87,3	2,6	1,7
Resto	92,0	4,3	2,1	94,5	4,4	3,1
España						
Xeral	92,2	2,8	2,6	91,8	2,2	2,3
Xeral sen estacións de servizo	91,5	2,6	2,4	91,2	2,0	2,3
Alimentación	93,9	2,6	2,5	90,7	1,6	1,3
Resto	89,5	2,6	2,3	91,8	2,3	3,2

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Febreiro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia						
Xeral	107,9	3,9	1,7	106,4	3,7	1,6
Xeral sen estacións de servizo	107,9	3,8	1,6	106,4	3,6	1,6
Alimentación	104,2	3,4	1,7	100,8	2,6	0,7
Resto	110,4	4,1	1,6	110,3	4,0	2,1
España						
Xeral	106,8	2,2	2,2	105,5	1,9	2,1
Xeral sen estacións de servizo	107,0	2,5	2,3	105,7	2,1	2,2
Alimentación	106,7	2,6	2,3	103,1	1,2	1,1
Resto	107,4	2,6	2,2	107,7	2,5	3,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Febreiro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		ÍNDICE DEFLACTADO	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	92,2	2,8	2,6	91,8	2,2	2,3
Andalucía	90,0	3,7	3,6	89,8	3,1	3,4
Aragón	93,9	6,3	4,9	93,6	5,8	4,8
Asturias	90,8	3,1	2,3	90,8	2,9	2,5
Balears, Illes	84,2	2,9	2,4	84,0	2,7	2,4
Canarias	97,6	4,5	4,0	97,1	2,9	2,9
Cantabria	85,5	2,2	1,3	84,8	1,5	1,1
Castilla y León	88,3	0,2	0,7	87,9	-0,1	0,6
Castilla-La Mancha	93,9	3,0	2,1	93,4	2,6	1,9
Cataluña	88,2	0,3	1,0	86,8	-0,8	0,2
Comunitat Valenciana	91,3	2,0	1,6	91,5	1,6	1,6
Extremadura	87,5	2,0	2,5	87,7	1,8	2,7
GALICIA	92,0	4,1	2,4	91,7	3,7	2,3
Madrid	100,4	4,0	3,8	100,1	3,4	3,6
Murcia, Región de	92,9	2,2	2,1	93,0	2,1	2,4
Navarra	93,1	2,7	3,1	93,2	2,5	3,3
País Vasco	94,3	4,0	3,1	93,8	3,5	3,0
Rioja, La	94,4	4,7	3,4	94,1	4,3	3,3
Ceuta	92,8	-0,4	-0,5	93,1	-0,3	-0,2
Melilla	96,2	0,7	1,4	96,0	0,1	1,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Febreiro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	101,4	0,7	0,7
Xeral sen estacións de servizo	101,2	0,7	0,7
España			
Xeral	101,9	1,0	1,0
Xeral sen estacións de servizo	102,0	1,0	1,0

Fonte: INE

Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Febreiro 2018

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	101,9	1,0	1,0
Andalucía	100,0	0,0	-0,1
Aragón	101,5	0,5	0,6
Asturias	104,4	4,1	3,7
Balears, Illes	101,8	1,4	1,3
Canarias	106,0	2,8	2,8
Cantabria	100,2	0,4	0,3
Castilla y León	101,1	0,2	0,2
Castilla-La Mancha	100,4	-0,4	-0,6
Cataluña	101,0	0,7	0,7
Comunitat Valenciana	103,6	2,1	2,2
Extremadura	101,2	0,9	0,8
GALICIA	101,4	0,7	0,7
Madrid	103,6	1,8	1,7
Murcia	102,2	1,1	1,3
Navarra	101,1	0,0	0,0
País Vasco	101,4	0,2	-0,3
Rioja, La	102,9	1,9	2,2
Ceuta	101,6	2,7	2,6
Melilla	103,9	1,5	1,7

Fonte: INE